

CELANOVA ¿qué te apetece descubrir?

Oficina de Turismo
De miércoles a sábado:
10:30 - 14:00
16:00 - 19:00
Domingos y festivos:
11:30 - 14:00

Monasterio San Rosendo
Exposiciones permanentes
"Galicia e a sega en Castela ó longo dos tempos"
"Rudesindus" de J. A. Ocaña Martínez

Capilla de San Miguel + **Iglesia**
Visitas guiadas
De martes a sábado:
11:00 - 12:30 - 16:30 - 18:00
Domingos y festivos: 12:30

Companario
Visitas guiadas
De martes a sábado:
12:00 - 17:30
Domingos y festivos:
12:00

Casa dos Poetas
De martes a sábado:
10:30 - 14:00
16:00 - 19:00

Casa de Curros Enríquez

Vilanova dos Infantes - 1,5km
De miércoles a viernes: 17:00 - 20:00
Sábados, domingos y festivos:
11:30 - 14:00
17:00 - 20:00

Cueva de San Vian
Torre medieval
Acceso libre

Reconstrucción pobraco
Castromao - 3km
Acceso libre
Yacimiento castreño

Horarios válidos ata Outubro 2017

Oficina de Turismo
988 43 22 01
turismo@concellodecelanova.com

Fundación Curros Enríquez
646 02 64 21 - 988 45 11 76
fundacion@currosenriquez.es

Colaborará co **Centro Integrado de Formación Profesional A Farixa** na formación dunha bolsa durante os próximos meses

Ademais, tamén contará cunha persoa de apoio entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia

Mañá comeza a edición 2017 dos Concertos Didácticos de Órgano coa participación dos Colexios Divina Pastora (O Barco de Valdeorras), les Ricardo Mella (Vimianzo) e les Val Miñor (Nigrán)

A Oficina de Turismo de Celanova volverá abrir ó público durante os domingos pola mañá, así como festivos, completando deste xeito a oferta de servizos para unha demanda turística que está crescendo dun xeito moi evidente nos últimos meses e coordinando estas visitas co servizo de atención ó visitante que ofrece a Fundación Curros Enríquez dende a Casa dos Poetas e dende a torre de Vilanova dos Infantes.

En virtude do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Celanova e a Fundación Curros Enríquez, a Oficina de Turismo e a Casa dos poetas teñen coordinado os horarios para poder atender a demanda turística, non só do Mosteiro de San Rosendo e da Casa dos Poetas, senón tamén do conxunto urbano de Vilanova dos Infantes e do conxunto arqueolóxico de Castromao, durante tódolos días da semana, agás os luns.

O acompañamento ofrécese tanto para estes puntos referenciais xa mencionados, como para un paseo polo conxunto urbano a través dos poetas de Celanova, a torre de Vilanova dos Infantes ou a cova do San Vivían.

Ademais, dada a suspensión de transporte escolar que tivo lugar a semana pasada e que obrigou ós centros escolares que estaban inscritos para a primeira xornada, a suspender a primeira sesión de Concertos que estaba prevista para ese día, mañá terá lugar a sesión inicial desta temporada, durante a que está previsto que se acheguen a coñecer e tocar co órgano monumental de Celanova arredor de 1.500 alumnos e alumnas de todo Galicia.

Por medio do convenio marco de colaboración entre o Concello de Celanova e o Centro Integrado de Formación profesional A Farixa, durante estes meses nos que dure a celebración dos Concertos Didáticos de órgano, unha alumna do grao de “Guía, información e asistencia turística” realizará prácticas formativas, colaborando co servizo de guía da oficina de turismo na atención ós visitantes en Xeral e dun xeito particular ós centros escolares que se acheguen a Celanova para participar nos concertos didáticos e coñecer os outros recursos turísticos locais.
